

25N 2021

DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Fronte á violencia de xénero conta con nós

Que é a violencia de xénero?

É a violencia que sofren as mulleres polo feito de selo.

De utilidade no caso de agresión:

- ◆ Se sufriches lesións, acude ao centro de saúde ou ao servizo de urxencias do PAC ou do hospital máis próximo
- ◆ Se desexas denunciar, podes acudir ao xulgado de violencia polas mañás ou ao xulgado de garda. Igualmente, á comisaría de policía ou ao cuartel da garda civil.



Atención a vítimas de malos tratos

Cales son os signos da violencia de xénero?

Humillacións

burlas, insultos ou reproches en público ou privado.

Control

económico, das amizades, forma de vestir, redes sociais, etc.

Illamento

da vida social para que só se lle dedique tempo a el.

Acoso

vixilancia constante, ben sexa polo teléfono, na rúa e espazos en común

Descualificación

mediante agresións verbais co fin de atacar a autoestima.

Manipulación emocional

mediante castigo, ameazas, vitimizacións ou premios cando se comporta como el quere.

Indiferenza afectiva

mostrando incluso rexeitamento ou desprezo.

Ameazas

ante o risco de ruptura ou cando non cumpres coas expectativas.

Violencia sexual

presión ou coacción para manter relacións sexuais ou a realización de determinadas prácticas sexuais ata a violación ou agresión física.

Violencia física

empurrar, cuspir, golpear, tirar do cabelo, queimar ou lanzar elementos.

Violencia vicaria

o uso das persoas menores ou seres queridos para danar á muller, ameazar con quitar a súa custodia, maltratar ou asasinar.



Concello de
Outeiro de Rei